

## “Didáctica do canto coral na adolescencia”

9 e 10 de marzo de 2013

### CONTIDOS DO CURSO

- \* Fundamentos fisiolóxicos e psicolóxicos do proceso da muda da voz masculina e feminina na puberdade; as súas implicacións musicais e didácticas.
- \* Principais investigacións mundiais sobre a clasificación de voces na adolescencia.
- \* Estratexias para desenvolver con éxito a técnica vocal con voces adolescentes en calquera contexto educativo.
- \* O ensaio coral con adolescentes. Técnicas didácticas, arranxos musicais, selección do repertorio, etc.
- \* Como abordar a implicación dos adolescentes masculinos nas actividades vocais: identidade vocal e de xénero.
- \* Exemplo de boas prácticas: “Voces para la convivencia”. Proxecto coral que parte da aula de música.
- \* Experiencias de coros con voces adolescentes en Galicia.

Esta actividade está en trámites de homologación pola Consellería de Cultura, Educación e O.U. (10 horas)

### INSCRICIÓN E MATRÍCULA

Número de prazas: 50 . Cubriranse por rigoroso orde de inscrición.

Prezo de matrícula:

- Socios de Asomúsica: Gratuíta (para asociarse [www.asomusica.com](http://www.asomusica.com))
- Non socios: 30 €

a) Facer o ingreso da matrícula ou da cota de socio/a na conta:

**2080 0501 17 3040034611 Novagaliciabanco**

b) Realizar a inscrición online antes do día 1 de marzo enviando o formulario, xunto con copia do recibo bancario a [cantoadolescencia@gmail.com](mailto:cantoadolescencia@gmail.com)

O formulario de inscrición atópase na web:

[cantoadolescencia.wordpress.com](http://cantoadolescencia.wordpress.com)

#### Organiza:

Asociación de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato de Galicia (ASOMÚSICA)



Asociación de Profesores de Música de Secundaria e Bacharelato

#### Colaboran

- Escola Municipal de Música de Santiago.



## “Didáctica do canto coral na adolescencia”



Relator: Dr. Alfonso Elorriaga Llor

Director do proxecto “Voces para la convivencia”

*Santiago de Compostela*  
*9 e 10 de Marzo de 2013*

# “Didáctica do canto coral na adolescencia”

A Asociación do Profesorado de Música de Secundaria de Galicia (ASOMÚSICA), no seu afán de ofrecer unha formación de calidade ao profesorado de música galego, organiza este curso para atender a unha necesidade xeralizada: *o coñecemento da voz na adolescencia*.

Este curso está orientado de forma práctica, con obradoiros onde se practicará técnica vocal básica, estratexias para animar ó canto colectivo e arranxos vocais adaptados para voces adolescentes.

A organización facilitará con suficiente antelación a documentación e partituras que o profesor Alfonso Elorriaga estime oportuno para o seguimento do curso.

## LUGAR DE CELEBRACIÓN

### Escola Municipal de Música

Enderezo: *Rúa de Betanzos, 55. A Almáciga*  
*Santiago de Compostela*

## A QUEN VAI DIRIXIDO?

Esta actividade vai destinada ao profesorado de Música de Primaria, Secundaria, Bacharelato e Conservatorios de Galicia, ben traballen no ensino público, privado ou concertado, así como todos aqueloutros profesionais da docencia de Música que teñan interese polo canto coral na adolescencia.

Email de contacto:

[cantoadolescencia@gmail.com](mailto:cantoadolescencia@gmail.com)

Máis información en:

[cantoadolescencia.wordpress.com](http://cantoadolescencia.wordpress.com)

## PROGRAMA

### Sábado, 9 de Marzo (mañá)

**9:30-** Presentación do curso

**10:00 - 11:00** Sesión nº1

Relatorio: *“Características da voz na adolescencia”*

**11:00 - 12:00** Sesión nº2

Obradoiro: *“Técnica vocal básica: respiración, quecemento, xestos e exploración vocal”*

**12:00 - 14:00** Sesión nº3

Obradoiro: *“Cantando na zona de coincidencia, xogos vocais”*

### Sábado, 9 de Marzo (tarde)

**16:00 - 18:30** Sesión nº4

Obradoiro: *“Repertorio de aula a 2 partes”*

*“Proba colectiva de clasificación da voz”*

### Domingo, 10 de Marzo (mañá)

**10:00 - 12:00** Sesión nº5

Obradoiro: *“Repertorio de aula a 3 partes”*

*“Organización curricular da expresión vocal no instituto”*

**12:00 - 13:00** Coloquio e clausura do curso.

## Dr. ALFONSO ELORRIAGA LLOR

Educador coral especializado na adolescencia. É profesor asociado do Dpto. de Música e Expresión corporal da Universidade Complutense de Madrid e tamén do Dpto. Interfacultativo de Música da Universidade Autónoma de Madrid, onde eventualmente dirixiu o coro da devandita universidade. En 2011 leu a súa tese doutoral, *“A continuidade da formación musical durante o período da muda da voz na adolescencia”*, comezando así unha liña de innovación e investigación educativa a partir da cal escribiu numerosos artigos. Alfonso Elorriaga colabora cercanamente con Dr. Patrick Freer (EEUU), especialista internacional neste campo.

Alfonso Elorriaga fundou varios coros de nenos e mozos e foi director asistente do Coro de Nenos da Comunidade de Madrid. Dirixiu varios cursos internacionais de formación do profesorado e foi relator convidado en distintos cursos de educación musical. Na actualidade é profesor titular de música en educación secundaria no IES bilingüe “Francisco Umbral” de Ciempozuelos (Madrid) onde dirixe o proxecto “Voces para a convivencia”, constituíndo un coro de adolescentes co que gañou numerosos premios e subvencións educativas. Alfonso Elorriaga titulouse en Pedagogía Musical no R.C.S.M. de Madrid e estudou dirección coral escolar no programa de formación do Coro de Profesores da Comunidade de Madrid. Máis tarde ampliou estudos de Posgrao Universitario no “Instituto Orff” (Universidade Mozarteum) en Salzburgo onde obtivo o diploma de estudos avanzados en pedagogía da música e a danza “Orff-Schulwerk”. Foi relator convidado no Máster de Musicoterapia da Universidade de Alcalá de Henares e actualmente colabora no Máster da Scuola Istruzione a Distanza. “Università degli Studi dei Roma”Italia.

Web: [alfonsoelorriaga.blogspot.com.es](http://alfonsoelorriaga.blogspot.com.es)